

DESFILE E CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES 2020

BASES

Con motivo da celebración do Entroido 2020 o O.A. Terra de Sanxenxo convoca un concurso de disfraces en función das seguintes bases:

1. O desfile terá lugar o mércores 26 de febreiro a partir das 17,00 h. co seguinte percorrido: Saída dende a Avda. Rocafort- Avenida de Silgar- Avenida do Porto ata a Praza dos Barcos.

2. Establécense as seguintes categorías:

- **Categoría individual**
- **Categoría parella**
- **Categoría grupo 3 a 10 compoñentes:**
- **Categoría grupo de máis de 10 compoñentes**

Nas categorías de grupo de 3 a 10 e de grupo de máis de 10 compoñentes ao menos o 50% dos compoñentes deberán ser menores de 16 anos (nados despois do 31 de decembro de 2.004).

Poderán presentarse a este concurso persoas físicas, persoas xurídicas, asociacións civís debidamente constituídas con carácter previo ou asociacións civís constituídas exclusivamente para participar en concursos e actividades relacionadas coa celebración do Entroido.

3. A **inscrición** será gratuíta e realizarase:

- No Pazo Emilia Pardo Bazán (986 727 936) ata o martes 25 de febreiro ás 14,00 horas.
- O mesmo día na mesa da organización de 15,30 a 16,30 horas. A mesa estará situada no Club de xubilados de Sanxenxo (Avda. Rocafort, fronte a Cafetería Castelao).

Aos participantes proporcionaráselle un dorsal que identificará a categoría.

4. Os participantes que leven carrozas ou vehículos a motor que queiran participar no desfile deberán cumprir os seguintes requisitos e presentar a seguinte documentación (CUMPRIMENTAR ANEXO 1):

- 4.1. Identificación do condutor do vehículo (Deberase presentar copia do carne de conducir).
- 4.2. Seguro obrigatorio do vehículo ou no seu defecto póliza de seguro de responsabilidade civil.

5. Normas xerais que deben cumprir os participantes:

- 5.1 Queda prohibida a utilización de calquera clase de lume, xa sexan artefactos pirotécnicos, lanzadores de chamas, etc.
- 5.2 Non se permite a participación de animais vivos.
- 5.3 Todos os participantes formaran parte do desfile pola súa conta e risco, ou en caso de menores de idade baixo a autorización do seu responsable legal. Cada participante farase cargo dos posibles danos que poidan ocasionar a así mesmo ou a terceiras persoas.

6. Os membros do xurado serán nomeados polo O. A. Terra de Sanxenxo.

7. Os participantes serán valorados polos membros do xurado durante o percorrido do desfile. A puntuación irá de 1 a 5 puntos valorando a orixinalidade, posta en escena e aderezo.

8. Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

Categoría Individual

1º Premio: 100 €

2º Premio: 70 €

3º Premio: 40 €

Categoría Parella

1º Premio: 110 €

2º Premio: 80 €

3º Premio: 50 €

Categoría Grupo (3 ata 10 compoñentes)

1º Premio: 160 €

2º Premio: 130 €

3º Premio: 100 €

Categoría Grupo (mais de 10 compoñentes)

1º Premio: 350 €

2º Premio: 200 €

3º Premio: 150 €

De acordo coa lexislación vixente, os premios estarán suxeitos a retención do IRPF.

9. Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile. Para recoller os premios os menores de idade deberán estar representados por un adulto.

10. O pago dos premios farase ás persoas ou entidades que figuran na inscrición do concurso e que representan aos menores. Do mesmo xeito, as asociacións civís constituídas para este actividade en concreto, deberán acreditar a súa formación coa presentación dunha acta na que figuren todos os membros do grupo e onde se decida as persoas sobre as que recae o premio.

11. O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar como “deserta” algunha das categorías, ou de establecer un único premio se non se acada un mínimo de 6 participantes en cada unha de elas.

12. O O.A. Terra de Sanxenxo resérvase o dereito de fotografar aos participantes, así como a utilización destas fotografías para a promoción do mesmo. Polo tanto a participación no desfile e concurso supón, por parte dos pais/ nais/ titores dos menores a autorización ao O.A. Terra de Sanxenxo para a utilizar e publicar a imaxe dos fillos/as co fin de promoción e publicidade das súas actividades. No caso de non autorizar a utilización da imaxe dos menores para os fins anteditos, o interesado deberá facelo constar expresamente e por escrito no momento da inscrición.

13. A inscrición e participación no **Desfile e Concurso Infantil de Disfraces 2020** supón a total aceptación das presentes Bases. Para o non establecido nas bases estará a decisión da organización.

Para máis información poden dirixirse a Concellería de Educación e Cultura, telf: 986.727.936 ou e-mail: culturaterra@sanxenxo.org

ANEXO I: DESFILE E CONCURSO INFANTIL 2020

(Os participantes que leven carrozas ou vehículos a motor que queiran participar no desfile deberán cumprir os seguintes requisitos e presentar a seguinte documentación).

DATOS REPRESENTANTE DO GRUPO PARTICIPANTE			
APELIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		DNI	
DOMICILIO		TELÉFONO	
EN REPRESENTACIÓN DO DISFRACE			
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CONDUCTOR			
APELIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		DNI	
DOMICILIO		TELÉFONO	
DATOS DO VEHÍCULO			
MODELO		MATRÍCULA	
<p>DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR NO MOMENTO DA INSCRICIÓN</p> <p><input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO PERMISO DE CONDUCIR</p> <p><input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO PERMISO DE CIRCULACIÓN</p> <p><input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DA TARXETA DA ITV</p> <p><input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO RECIBO DE PAGO SEGURO OBRIGATORIO</p> <p><input type="checkbox"/> PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL (no caso de vehículo a motor que non dispoña de seguro obrigatorio)</p>			
<p>REQUISITOS DOS VEHÍCULOS PARTICIPANTES</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os condutores deberán cumprir as normas de comportamento e circulación aplicables aos condutores de vehículos a motor. - As carrozas, carruaxes, remolques e semirremolques que vaian arrastrados por vehículos a motor deberán en todo caso, ir provistos de rodas pneumáticas ou de elasticidade similar que non exerzan sobre o pavimento una presión superior a 9 quilogramos por centímetro cadrado de superficie bruta de apoio. - Os ornamentos que transporten deberán ir adecuadamente suxeitos, garantindo que non comprometerán a estabilidade do vehículo, caia ou se desprace perigosamente. - Se o conxunto de vehículo a motor e remolque ou semirremolque superase os valores de masa máxima de conxunto ou peso por eixe máximo permitido, deberá dispoñer da autorización complementaria correspondente. - Ás carrozas, carruaxes, remolques e semirremolques non se lles exixirá que estean matriculados ou teñan a ITV en vigor. - Ás carrozas, carruaxes, remolques e semirremolques poderán transportar pasaxeiros, garantindo en todo caso a súa seguridade e unha velocidade máxima de 30 km/h. 			
<p>RGPD e política de privacidade (ver páx. seguinte) Entendo e acepto as condicións e política de privacidade</p>			
<p>A sinatura deste documento supón a aceptación das bases e o cumprimento dos requisitos recollidos no anexo I Sanxenxo, __ de _____ de 2020</p>			
Sinatura do/a representante		Sinatura do/a conductor/a	

RGPD E POLÍTICA DE PRIVACIDADE

O Concello de Sanxenxo é o responsable do tratamento dos datos persoais do Interesado e lle informa que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RXPD), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Fin do tratamento: tramitacións que se deriven da xestión das inscricións no Desfile e concurso de infantil Entroido 2020.

Criterios de conservación dos datos: os datos conservaranse mentres sexan necesarios para a consecución das referidas finalidades, para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar destas ou do tratamento de datos, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente. En determinados casos, conservaranse para ditas finalidades en tanto a persoa interesada non retire o seu consentimento. Cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimirase a información con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos (será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentos).

Comunicación dos datos: non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten ó interesado: dereito a retirar o consentimento en calquera momento, dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición ao seu tratamento, así como o dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control (www.agpd.es) si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: poderá exercer os seus dereitos enviando unha solicitude xunto co documento acreditativo da súa identidade a: Concello de Sanxenxo - Avda. de Madrid, 1 - 36960 Sanxenxo (Pontevedra)
Enderezo electrónico: dpd@sanxenxo.org